



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR Ó INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO TRÁMITE DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO MEIRAMA
Promotor	NATURGY RENOVABLES, SLU
Localización	CONCELLOS DE CERCEDA, CARRAL E ORDES
Expediente	IN408A 2018/27

SOLICITANTE : Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 06/04/2022 e número de rexistro de entrada 2022/748729, traslado da resposta do promotor ó informe desta dirección xeral de data 18/03/2022 .

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considérase ca información adicional proporcionada para poder avaliar o risco da saúde, segue sen abordar adecuadamente os aspectos recollidos no informe anterior deste organismo:

- Debido as diferenzas observadas entre os distintos estudos presentados polo promotor, recoméndase facer un seguimento máis frecuente do recollido na documentación presentada durante o primeiro ano, para asegurar que en ningún dos

16 receptores elixidos se sobrepasa nas diferentes fases horarias os limiares establecidos na lexislación.

- En relación ao parpadeo de sombras, tendo en conta que no estudo do "caso real" existen múltiples receptores que superan as 8 horas/ano, naquelas vivendas que superen este limiar, o proxecto deberá incorporar as correspondentes medidas protectoras, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

